

Expediente núm.: 2019013095

Ditame da Comisión Especial de Contas

Procedemento: Aprobación da Conta Xeral.

Documento asinado por: A Presidenta e Secretaria da Comisión

DITAME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS SOBRE A CONTA XERAL DE 2018

En Ferrol a 13 de agosto de 2019 sendo as 09:06 horas, e baixo a Presidencia do Sra. Concelleira, M^a Teresa Deus Trasobares, reúnense os señores Concelleiros: Don Antonio Golpe Díaz, Don Germán Costoya Casas, Don Julián Reina Villalón (PSOE), Don Jorge Suárez Fernández (FeC), Dona Susana Sanjurjo Fraga, Dona Martina Aneiros Barros, Don Javier Díaz Mosquera, Don Elvira Montes Mas, Don José Tomé López (PP) ;membros da Comisión Especial de Contas deste Concello, no Salón de Comisións da Casa Consistorial.

Considerando que o obxecto da reunión da Comisión Especial de Contas é proceder ao exame da Conta Xeral do Orzamento desta Entidade, correspondente ao exercicio económico de 2018 en cumprimento do disposto no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Considerando que, formada e informada dita Conta Xeral, pola Intervención Municipal, foron comprobados os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a documentación anexa á mesma e esixida pola vixente lexislación, a Comisión Especial, por 4 votos a favor do grupo municipal PSOE, 1 do grupo municipal FeC, e 5 abstencións dos concelleiros do grupo municipal PP, **ACORDA**

TERCEIRO. Ditaminar a proposta de aprobación da Conta Xeral do ano 2018

E para que conste e surta os efectos oportunos no expediente da súa razón, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Sra. Presidenta da Comisión, coa salvedade prevista no artigo 206 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.